

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/cbg

Ref: Lugo emprego activo 2ª fase

Asunto: dec nombramento comité expertos

**DECRETO NÚMERO 23/2010 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO DITADO POLA TENENTE DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA.**

**Ilma. Sra. Dona SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego.**

Lugo, 3 de febreiro de 2010.

Instruído expediente relativo a DESIGNACIÓN DOS MEMBROS QUE FORMARÁN PARTE DO COMITÉ DE EXPERTOS PARA A VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA DOS CURSOS DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROXECTO “LUGO EMPREGO ACTIVO”.

-----

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen na contratación da docencia especializada dos cursos de formación no marco do proxecto “Lugo Emprego activo”, Segunda Fase.

2.- Cláusula Décimo-segunda, punto 12.1.2., no que se detalla que para a valoración dos apartados relativos á OFERTA TÉCNICA e tendo en conta o sinalado no artigo 134 da LCSP, deberá constituírse un comité formado por expertos na materia non integrados no órgano proponente do contrato que serán tres técnicos competentes do Concello de Lugo ou, se non fora posible, por tres profesionais con coñecementos na materia, ó que corresponderá a avaliación das proposicións conforme ós criterios sinalados. Os membros do comité serán designados por resolución da Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego.

3.- Vista proposta da Axencia de Desenvolvemento Local para formar parte do comité de expertos para a selección da empresa adxudicataria do servizo para a CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA NO MARCO DO PROXECTO “LUGO EMPREGO ACTIVO” SEGUNDA FASE”, propónse a:

- MARÍA JOSÉ PENA LAGE, Técnico de Orientación laboral de Servizos Sociais do Concello de Lugo.

- MARÍA JESÚS LÓPEZ VÁZQUEZ, Xefa do Servizo de Servizos Sociais do Concello de Lugo.

**CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/cbg

Ref: Lugo emprego activo 2ª fase

Asunto: dec nombramto comité expertos

- LIDIA PLATAS, do Servizo de Drogodependencias.

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Designar para formar parte do comité de expertos para a selección da empresa adxudicatária do servizo para a CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA NO MARCO DO PROXECTO “LUGO EMPREGO ACTIVO” SEGUNDA FASE, ós seguintes:

- MARÍA JOSÉ PENA LAGE, Técnico de Orientación laboral de Servizos Sociais.
- MARÍA JESÚS LÓPEZ VÁZQUEZ, Xefa do Servizo de Servizos Sociais.
- LIDIA PLATAS, do Servizo de Drogodependencias.

**SEGUNDO.-** Publicar este Decreto no perfil do contratante do Concello de Lugo.

**TERCEIRO.-** Notifíqueselle-la presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa e que contra ela poden interpoñe-los seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.
- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante o órgano competente, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 116.2 da Lei 30/92).

**CUARTO.-** Así mesmo déaselles traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.